

RESOLUCIÓN DE 21 DE OUTUBRO DE 2024 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE DECLARAN OS/AS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE SETEMBRO DE 2024, NO ÁMBITO DO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee de data 16 de setembro de 2024 (DOG nº 188 do 30 de setembro de 2024) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria, esta Xerencia de Área,

RESOLVE:

Primeiro: Declarar, **con carácter provisional**, a listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna.

Segundo: A listaxe poderá examinarse na páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

Terceiro: Os/As aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder enmendar, de ser o caso o defecto que motivase a súa exclusión.

Asinado dixitalmente na Coruña,
Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

DILIXENCIA,

Para facer constar que coa data da súa sinatura dixital procédese á publicación da presente Resolución.

Asinado dixitalmente na Coruña,
Javier Fernández Nistal